

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a USC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conlevará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da USC serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á USC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2017 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2016.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 28 de outubro de 2016

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
A DEPUTADA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Asdo.: Goretti Sanmartín Rei

O REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo.: Juan Manuel Viaño Rei



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN



Número 170 /2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN PARA FOMENTO DA EDUCACIÓN, A INVESTIGACIÓN, A TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E AS ACTIVIDADES CULTURAIS, ARTÍSTICAS E CIENTÍFICAS NO ANO 2016.

En Santiago de Compostela o 9 de novembro de 2016

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia num. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Juan Manuel Viaño Rei, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) segundo nomeamento efectuado polo Decreto 62/2014, de 28 de maio (DOG de 4 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, e do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Actuando os intervinentes, na representación indicada e recoñecendo mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a USC ten como obxecto esencial a impartición de docencia, a promoción da investigación científica e técnica, e a transferencia do coñecemento no seu marco territorial de actuación. Neste senso a USC, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo, con recoñecido prestixio, a súa actividade docente, investigadora e de transferencia do coñecemento, estando chamada por razón de esencia, finalidade e obxectivos, a establecer as canles de comunicación que permitan o intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, formando profesionais, investigadores, profesores universitarios e técnicos útiles á sociedade, en beneficio todo iso da cultura e o benestar social.

Segundo.- Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña vén colaborando coa Universidade de Santiago no financiamento de parte das súas actividades culturais, artísticas e científicas, sendo un exemplo deste tipo de colaboración o apoio ao financiamento parcial do proxecto ESTALMAT-Galicia, o cal ten como obxectivo principal detectar, orientar e estimular, de maneira continuada, o talento matemático en alumnos entre os 12 e os 15 anos.

Cuarto.- Que a Deputación da Coruña e a USC desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio marco que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

1.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) para financiar parcialmente os gastos derivados da **Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2016.**

O presente convenio contempla as seguintes liñas de actuación prioritarias, sen prexuízo de que ambas institucións, de mutuo acordo, contemplen outras que puidesen xurdir máis adiante:

1.- Apoio aos programas de detección e captación de talento.

Neste ámbito inclúense, entroutras, as accións dirixidas á captación e detección de talento de estudantes; estarán recolleitos, alomenos,

1.1.- Proxecto ESTALMAT- Galicia que busca detectar aptitudes matemáticas avanzadas entre o alumnado de secundaria e proporcionarlles un programa de actividades adaptadas ao desenvolvemento do seu talento.

1.2.- Programa de captación e fidelización de talentos na USC. Este programa ten como liñas de actuación: o acto de reconecemento aos mellores expediente de bacharelato, a celebración de charlas temáticas nas que se pretende despertar vocacións e aclarar dúbidas aos estudantes de secundaria, e as distintas olimpíadas de bioloxía, edafoloxía, economía, filosofía, física, matemáticas, química e tradución de textos clásicos.

Estas axudas xestionaranse a través do programa "A Ponte entre a USC e o Ensino Medio" e da delegación de Reitor para Ensino Medio.

2.- Apoio á Programación Cultural.

Neste ámbito inclúense, entroutras actividades, as vinculadas co mantemento, a visibilización e a posta en valor do patrimonio histórico, artístico e cultural da USC e aquelas relacionadas co fomento e difusión de actividades culturais.

Estas axudas xestionaranse a vicerreitoría con competencias en materia de cultura.

3.- Apoio á Programación deportiva.

Neste ámbito inclúense, entoutras actividades, as vinculadas coa promoción do deporte e a vida saudable na cidadanía, a promoción da educación en valores deportivos na educación universitaria e a renovación de equipos deportivo e mantemento de instalacións deportivas.

Estas axudas xestionarás a vicerreitoría con competencia en materia deportiva.

4.- Apoio a congresos, seminarios e cursos.

Como parte das actividades enfocadas ao intercambio do coñecemento científico e cultural das persoas pertencentes ao mundo universitario, a USC realiza diversas actividades ao longo do ano que poderán recibir financiamento parcial a cargo do presente convenio.

Estas axudas xestionarás a vicerreitoría con competencias en materia cultural.

A USC seleccionará, dentre as propostas que reciba do seu persoal, as actividades que se poderán acoller a este convenio. Para cada unha de elas se establecerá tanto o financiamento que, a cargo deste convenio, lle correspónda así como a vicerreitoría ou unidade encargada da súa xestión.

Para as actividades identificadas como cursos, a USC establecerá unha convocatoria aberta de solicitudes de axuda ao financiamento.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A USC desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1. Apoio aos programas de detección e captación de talento	74.878,00
1.1 Proxecto ESTALMAT	54.878,00
- Viaxes e aloxamentos	4.680,00
- Material funxible	6.500,00
- Colaboracións externas, docencia de profesores, persoal de administración e técnicos de apoio, colaboración e dirección de tarefas de organización, empresa de vixilancia e servizo de fotografía	41.148,00
- Outros gastos (invitación actos de clausura, correo, seguros)	2.550,00
1.2 Programa de captación e fidelización de talentos na USC	20.000,00
- Charlas temáticas: desprazamento e dietas do profesorado	7.000,00
- Acto de recoñecemento aos mellores expedientes: material de Imprenta, impresión, difusión e empresas de organización do Evento	8.000,00
- Olimpíadas: organización, desprazamentos e axudas	5.000,00
2.- Apoio á Programación Cultural	31.970,00
- Teatro (escenografía, deseño, difusión, asistencia técnica, luz e son)	3.200,00
- Música (producción, pagos a solistas, director e material difusión)	11.127,00
- Exposicións (producción e montaxe, catálogo, material difusión)	9.660,00
- Posta en valor do patrimonio (fotografía dixital)	7.983,00
3.- Apoio á Programación deportiva	33.250,00
- Arbitraxe (ligas internas, campionatos...)	22.337,41
- Servizos médicos / ambulancia	470,00
- Trofeos/medallas	1.001,44
- Desprazamento	1.963,50
- Aloxamentos (interzonal cto. España Universit., Valladolid)	1.946,00
- Desprazamentos e aloxamentos (cto. España Universit Murcia e Madrid)	5.531,65
4.- Apoio a congresos, seminarios e cursos	30.000,00
- Aluguer, material de difusión, compra de material non inventa-Riable, contratación externa de servizos, gastos persoal.	30.000,00
TOTAL	170.098,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 125.000, o que representa unha porcentaxe do 73,487 % do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a USC que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 73,487 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42391, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da Programación para fomento da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento e as actividades culturais, artísticas e científicas no ano 2016, referida neste convenio corresponderalle á USC, asumindo, xa que logo, as seguintes responsabilidades.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza á USC para que poida concertar a execución parcial das actividades obxecto da subvención con persoas vinculadas coa entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 12.000 €, con carácter previo á contratación, a USC deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades sinaladas na cláusula primeira, polo que na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da USC.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á USC despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Certificación desagregada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a USC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2017.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á USC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á USC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola USC na documentación aportada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a USC terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A USC deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A USC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a USC deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a USC poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.